



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE,
Y MEDIO RURAL Y MARIN

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARIN	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE SALIDA 22/11/2011	OFICINA SERVICIOS CENTRALES 12:02:13
S061201100007184	

FEDERACIÓN HIDROGRÁFICA
MIÑO-SIL

IDENCIA

S/REF.
N/REF. Resposta Alegación Plan
DATA 09 de novembro de 2011
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Secretario Confederal de Medio Ambiente
Confederación Intersindical Galega
Parque de San Lázaro nº 12-4
32003 - Ourense

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil:

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolólica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuir a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

OBSERVACIÓN N° 01

Síntese da Observación

Problema actual das competencias: A situación actual lévanos a ter que asistir a unha duplicidade de funcións, e a un solapamento territorial e competencial. A consecuencia disto está a duplicarse o gasto público e familiar, e prexudica de forma seria á ciudadanía á hora de facer trámites administrativos. Ademais constata na práctica diaria que este

CORREO ELECTRÓNICO:
presidencia@chminosil.es

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º
32003 OURENSE
TEL.: 988 399 403



exceso burocrático resulta ineficaz, inviable e moi custoso, para finalmente non conseguir os obxectivos que se pretenden.

Resposta Motivada

En canto ao tema das competencias, o obxectivo da Planificación Hidrolóxica non é dar solución aos problemas existentes no que respecta a esta cuestión, xa que a función principal deste Plan é conseguir o bo estado e a adecuada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

Por outro lado hai que aclarar que a Confederación Hidrográfica é consciente das dificultades existentes en relación a este tema e transmitirá a preocupación formulada nesta alegación ao Comité de Autoridades Competentes para tratar de coordinar da mellor forma posible o proceso de planificación hidrolóxica.

OBSERVACIÓN N° 02

Síntese da Observación

No Plan Hidrolóxico do Miño Sil os incendios forestais son tratados como accidentes, non obstante, debido ao alto número de incendios forestais (9000 incendios/ano), os seus efectos poderían constituir unha presión máis dentro do inventario de presións que debería de ser avaliada e corrixirse. Adoptando para iso medidas específicas de carácter preventivo e estrutural.

Resposta Motivada

Segundo o Artigo 38 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica, poderase admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga se se debe a causas naturais ou de forza maior que sexan excepcionais ou non puidesen preverse razoablemente, en particular graves inundacións e secas prolongadas, ou ao resultado de circunstancias derivadas de accidentes que tampouco puidesen preverse razoablemente. É por iso que os incendios forestais debense considerar accidentes, xa que se tratan de circunstancias excepcionais e non previsibles causantes dunha deterioración temporal do estado das masas de auga. No que respecta ás medidas a adoptar específicas de carácter preventivo e estrutural, no Programa de Medidas do Plan incorpóranse medidas de



restauración hidrolóxico-forestal, cuxo obxectivo será o de restauración de canles, riberas, leitos, humedais e masas forestais.

OBSERVACIÓN N° 03

Síntese da Observación

No Proxecto do Plan Hidrolóxico especificase, sen facer ningún tipo de aclaración, que a implantación do réxime de caudais ecológicos, nas concesións existentes, se fará segundo un proceso de concertación. É por iso que se pide unha definición clara do proceso de concertación no que se permita a participación tanto das administracións e das organizacións afectadas.

Resposta Motivada

No Plan Hidrolóxico do Miño-Sil, de acordo ao que recolle a Instrucción de Planificación Hidrolólica, a implantación do réxime de caudais ecológicos desenvólvese conforme a un proceso de concertación que ten en conta os usos e demandas actualmente existentes e o seu réxime concesional, así como as boas prácticas. O proceso de concertación afecta aos usos preexistentes, pero non modifica as condicións a impoñer aos usos futuros incluídos no plan hidrolóxico.

O proceso de concertación comezou coa realización dunhas xornadas informativas, as cales se especifican no Anexo XI, ás que foron invitados os axentes implicados, e onde se deron a coñecer os distintos estudos técnicos realizados para a determinación dos caudais. Posteriormente, iniciouse unha rolda de contactos bilaterais cos implicados ou os seus representantes, se se trata de pequenas sociedades, para levar a cabo o proceso de concertación e implantación do réxime de caudais ecológicos como tal, cuxo obxecto é:

- ♦ Valorar a súa integridade hidrolólica e ambiental.
- ♦ Analizar a viabilidade técnica, económica e social da súa implantación efectiva.
- ♦ Propoñer un plan de implantación e xestión adaptativa.



As discusións levadas a cabo durante esta primeira ronda de contactos bilaterais conduciu á revisión dalgúns dos caudais ecolóxicos e os cambios afectaron directamente ao actual borrador do Plan Hidrolóxico do Miño-Sil.

OBSERVACIÓN N° 04

Síntese da Observación

O prazo de determinación dos caudais máximos e das taxas de cambio para completar a definición do réxime de caudais ecolóxicos considérase excesivo.

Resposta Motivada

Actualmente no Plan incorporáronse os caudais máximos e as taxas de cambio a título informativo. Non obstante, con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2016, a Confederación poderá implantalos atendendo ás circunstancias concorrentes, polo que os casos serán analizados convenientemente, esixindo unhas continuidades mínimas no caudal, que, preferentemente, son concertadas coas empresas concesionarias dos encoros.

OBSERVACIÓN N° 05

Síntese da Observación

En relación cos caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada rexítase a redución ao 50% do caudal ecolóxico esixible, propoñendo manter o caudal indicado no Anexo 6.1 en todo caso e en todas as masas de auga afectadas polo Plan Hidrolóxico. A redacción do PH non xustifica en ningún momento a necesidade de excepcionalidade no mantemento do caudal ecolóxico. A aplicación das devanditas excepcionalidades no cumprimento do caudal ecolóxico, pode afectar a outras zonas ou especies protexidas que desenvolven o seu ciclo vital en toda a masa.

Resposta Motivada

Con respecto aos caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada, o artigo 18 do Regulamento de Planificación Hidrolólica considera que nestes casos poderá aplicarse un réxime de caudais menos esixente sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 do RPH sobre deterioración temporal do estado das masas de auga. Esta excepción non se aplica nas zonas incluídas na rede Natura 2000 ou na Lista



de humedais de importancia internacional de acordo co Convenio de Ramsar, de 2 de febreiro de 1971. Nestas zonas considerarase prioritario o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, aínda que se aplicará a regra sobre supremacía do uso para abastecemento de poboacións.

OBSERVACIÓN N° 06

Síntese da Observación

Con relación ao caudal ecológico de desencoro considérase que o caudal só poderá reducirse ata un máximo do 50% cando sexa para uso exclusivo de abastecemento á poboación, medida que deberá ir acompañada dun plan de restricións do uso da auga e de estimulación dun uso social responsable.

Resposta Motivada

Con respecto aos caudais ecológicos en condicións de seca prolongada, como xa se comento anteriormente, o artigo 18 do Regulamento de Planificación Hidrológica considera que nestes casos pode aplicarse un réxime de caudais menos esixente sempre que se cumpran as condicións que establece o artículo 38 do RPH sobre deterioración temporal do estado das masas de auga.

OBSERVACIÓN N° 07

Síntese da Observación

No que respecta ás limitacións sobre os aproveitamentos de minería extractiva a ceo abierto, non se poden admitir excepcionalidades en ningún caso.

Resposta Motivada

Segundo o Artigo 51 da Normativa do Plan espeficícase que "cualquier actividad de minería extractiva a cielo abierto se desarrollará fuera del dominio público hidráulico y de la zona de policía de aguas, salvo justificación motivada. Se considera adecuado que se puedan admitir excepcionalidades siempre y cuando sean causas de fuerza mayor o causas de interés general cuyos beneficios al medioambiente y a la sociedad sean mayores frente a los perjuicios que conlleven."



OBSERVACIÓN N° 08

Síntese da Observación

Nas áreas de obxecto de protección especial deberán de adoptarse medidas non só nas zonas definidas como de protección especial se non en toda a masa de auga. Débense de considerar os espazos naturais protexidos pola lexislación galega e polos Tratados internacionais.

Resposta Motivada

En canto ás zonas de protección especial, o Regulamento de Planificación Hidrolóxica, no seu Articulo 23, considera que a clasificación e as condicións para a súa protección se recollerán nos plans hidrolóxicos de bacia de forma expresa ou remitíndose de xeito concreto aos preceptos vixentes da lexislación ambiental e de protección da natureza que puidesen afectarlle. Atendendo a este artigo o Plan Hidrolóxico do Miño-Sil recolle na súa Normativa as Zonas de protección especial e a lexislación ambiental pola que se rexen. É por iso que non é competencia da Confederación Hidrográfica do Miño Sil a delimitación da área á que afecta cada unha das medidas de protección xa que estas zonas son establecidas polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma. En canto a considerar os espazos naturais protexidos pola lexislación Galega e os Tratados internacionais, no Anexo 8.1 da Normativa do Plan faise alusión a cada unha das zonas protexidas e a lexis-lación á que pertencen.

OBSERVACIÓN N° 09

Síntese da Observación

Os prazos considerados para alcanzar o estado ecológico e químico das masas de auga resultan demasiado longos.

Resposta Motivada

Para determinadas situacions a Directiva Marco da Auga permite establecer prazos e obxectivos distintos aos xerais, definíndose nos artículos 4 (4) a 4 (7) da DMA as condicións que se deberán cumplir en cada caso.



Na maioría dos casos estas prorrogas son debidas a que para alcanzar o bo estado na masa de auga, o procedemento óptimo consiste en levar a cabo diversas medidas cuxa realización só pode lograrse en fases que exceden o prazo xeral establecido (2015), debido ás posibilidades técnicas.

No anexo VIII da memoria do Plan, no seu apartado 6, preséntase a xustificación destas exencións para cada masa de auga, conforme ao establecido pola DMA.

OBSERVACIÓN N° 10

Síntese da Observación

En referencia ao artigo 72.1 da normativa considérase que ten unha redacción difusa e inconcreta no Plan en relación coas verteduras procedentes de zonas urbanas. Proponse unha redacción más estrita e rigorosa que evite excepcionalidades.

Especificamente, resulta prioritario que, tanto nos proxectos de desenvolvemento urbano coma nas áreas xa establecidas, se fagan redes de saneamento separativas de augas residuais e de escorrentía pluvial. Ambas as dúas redes deberán ter a depuración correspondente.

Resposta Motivada

Considérase unha proposta interesante, non obstante, o saneamento non é competencia directa da Confederación polo que se trasladará ao Comité de Autoridades Competentes para o seu estudo.

Do mesmo modo, e tal e como se pon de relevo no mencionado artigo, a Confederación, no marco dos instrumentos de planificación, informará sempre a favor da solución que ambientalmente considere máis apta e conveniente en orde a protexer e salvagardar o Dominio Público Hidráulico.

OBSERVACIÓN N° 11

Síntese da Observación

No que se refire ás verteduras procedentes de zonas industriais, cada industria deberá de efectuar un tratamento previo dos seus residuos e posteriormente un tratamento xeral da zona industrial



Resposta Motivada

En relación coas autorizacións de verteduras en zonas industriais a Confederación Hidrográfica esixe na Normativa do Plan, presentar unha memoria sobre as características do proceso industrial, indicando claramente aquelas fases deste que orixinen verteduras. Presentarase un esquema das liñas de recollida destes, co punto de vertedura final ou de conexión á rede de colectores xerais. Ademais a Normativa esixe que as autorizacións de verteduras establezan as condicións en que deben realizarse, co obxecto de conseguir os obxectivos ambientais establecidos.

OBSERVACIÓN N° 12

Síntese da Observación

Bótase en falta unha maior descripción dos espazos que conteñen as masas de auga e unha análise sobre as especies de flora e fauna autóctona e potencialmente invasora, e o im-pacto que teñen sobre o noso ecosistema e mesmo para a saúde das persoas.

Resposta Motivada

O Informe de Sostibilidade Ambiental, de acordo ao establecido polo Documento de Referencia, identifica as zonas de maior relevancia ambiental da Demarcación, as que inclúan especies ameazadas e as que son representativas de ecosistemas ben conservados terres-tres ou mariños vinculados á existencia de auga. Non obstante, a CHMS traballa para me-lorar toda a información disponible.

OBSERVACIÓN N° 13

Síntese da Observación

Considérase que a cantidade de aproveitamentos hidroeléctricos é suficiente polo que non se deben de aprobar en ningún caso novas licenzas de explotación. Ademais, a Administración debe de ser esixente no referente ao cumprimento da normativa ambiental sobre todo nas augas próximas aos aproveitamentos, tanto no caudal augas arriba como augas abaxo.



Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño Sil é consciente da gran cantidade de aproveitamentos hidroeléctricos existentes, é por iso que as condicións que se impoñen na normativa do Plan son más rigorosas ambientalmente. En todo caso a Confederación é partidaria de estudar e valorar as novas concesións, xa que o avance de ás novas tecnoloxías pode levar a unha maior eficiencia enerxética.

OBSERVACIÓN N°14

Síntese da Observación

En relación co canon da auga, debemos definir claramente que tipo de aposta queremos realizar, racionalizar se hai razóns ou non para establecelo, valorar a que sectores e actividades debe ir dirixido e, finalmente, expicalo aberta e amplamente á sociedade.

Resposta Motivada

No que respecta ao canon da auga, na elaboración do Plan seguironse as pautas consideradas no TRLA entre os seus artículos 112 a 114 que regulan o canon de utilización dos bens do Dominio Público Hidráulico, o canon de control de verteduras e o canon de regulación e tarifa de utilización da auga, respectivamente.

OBSERVACIÓN N° 15

Síntese da Observación

Os traballadores e traballadoras que realicen as súas funcións tanto nas redes de control, como tramitación, información e todas as outras funcións que teñen relación con este Plan deberán ser persoal propio da administración hidráulica transferida á Comunidade Autónoma da Galicia. En especial o referente á inspección e vixilancia, que deberá ocupar persoal funcionario público, dotado coa presunción de veracidade que lle corresponde como axentes da autoridade.

Resposta Motivada

Non é obxecto do Plan o nomeamento do persoal que realizara os traballos indicados. O Proxecto do Plan Hidrolóxico ten por obxecto conseguir o bo estado e a axeitada



protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

OBSERVACIÓN N°16

Síntese da Observación

Propónse que no programa de medidas se recollan e apliquen medidas para o control, vixilancia, prevención e erradicación das especies invasoras e potencialmente invasoras

Resposta Motivada

Na actualidade estanse a levar a cabo proxectos de prevención, control e erradicación de especies exóticas invasoras no marco da Estratexia Nacional de Restauración de Ríos, o Programa de control do dominio público hidráulico, o Plan e diferentes Plans Autonómicos. Os esforzos van dirixidos a previr a entrada e dispersión de especies exóticas invasoras no marco das obras civís públicas e privadas para a Demarcación, detectar precozmente novas entradas antes de que a especie se propague, especialmente para as especies más perigosas, e controlar a expansión de especies xa introducidas, especialmente das más daniñas. Ademais, no Programa de Medidas do Plan incluíuse unha medida para o control do visón americano e varias actuacións de conservación de especies autóctonas, como son a ra ibérica, Pelobates cultripes, hyla arborea, ra temporaria, Chioglossa lusitánica, emys orbicularis, o cangrexo de río, a Margaritifera margaritifera, o Gamelys pyre-naicus, o sapoconcho, os anfibios réptiles e poboacións de Lamprea mariña. Non obstante, esta proposta analizarase e dado que son varias as administracións involucradas farase saber ao Comité do Autoridades Competentes para a súa valoración.

OBSERVACIÓN N° 17

Síntese da Observación

Propónse que no programa de medidas se recollan e apliquen medidas destinadas á sensibilización da sociedade galega sobre os valores dos ecosistemas acuáticos.



Resposta Motivada

Análizaráse a inclusión das medidas segundo a análise custo-eficacia establecida no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico e segundo as dispoñibilidade presupostaria do organismo.

OBSERVACIÓN N° 18

Síntese da Observación

Propónese que no programa de medidas se recolla un Plan de información sobre a aplicación do Plan Hidrolóxico e de denuncia de alteracións ao medio, que deberá contar cun teléfono e unha plataforma web de doador acceso.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil considera interesante está medida polo que o tratará no Comité de Autoridades Competentes para tratar de implicar o resto de Administracións.

OBSERVACIÓN N° 19

Síntese da Observación

Propónese que no programa de medidas se recollan medidas normativas de cara a conseguir uns ecosistemas riparios de maior calidade e corredores ecológicos. Tales como:

- a) nos procesos de concentración parceira non se incluirán como superficie de terreo agrario a parcelar os 25 metros de ribeira de río e regatos.
- b) Na zona de servidume do Dominio Público Hidráulico non se poderán realizar traballos agrícolas incluíndo os de labores, fertilización, sementeira e aplicación de tratamentos fitosanitarios.

Resposta Motivada

Tras a análise custo-eficacia establecida no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico considerouse que as medidas propostas non son prioritarias. Non obstante a Confederación Hidrográfica valora e estudará a súa inclusión para un novo ciclo de



planificación en función das necesidades que se vaian observando e a dispoñibilidade presupostaria do organismo.

OBSERVACIÓN N° 20

Síntese da Observación

Propонсе que no programa de medidas se incorpore un programa de seguimento de colmatación de embalses e eliminación de sedimentos.

Resposta Motivada

Tras a análise custo-eficacia establecida no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico considerouse que as medidas propostas non son prioritarias. Non obstante a Confederación Hidrográfica valora e estudará a súa inclusión nun novo ciclo de planificación en función das necesidades que se vaian observando e a dispoñibilidade presupostaria do organismo.

OBSERVACIÓN N° 21

Síntese da Observación

Suxírese articular unha normativa onde a calidade das augas devolta nos usos industriais, acuicultura, aproveitamentos hidroeléctricos, aproveitamento enerxético de forza motriz e centrais térmicas, deberá ter parámetros de calidade iguais (incluídos a temperatura) dos que tiña antes da súa captación.

Resposta Motivada

Todos aqueles usos con autorización de vertedura rexeranse pola normativa de verteduras.

OBSERVACIÓN N° 22

Síntese da Observación

Cómpre artellar medidas normativas de cara a buscar a estabilidade do nivel de auga tanto na zona embalsada coma no tramo situado entre a presa e as restitucións, así como na masa situada por debaixo da presa das instalacións hidroeléctricas, para así permitir o desenvolvemento correcto do ecosistema fluvial.



Resposta Motivada

Convén aclarar que estes son obxectivos do réxime de caudais ecolóxicos proposto no plan.

OBSERVACIÓN N° 23

Síntese da Observación

O Plan e a súa normativa debe contemplar, en primeiro lugar, un protocolo de medidas de cara á redución de consumo de auga debido a unha seca prolongada, e non actuar minguando os caudais ecolóxicos.

Resposta Motivada

Con respecto aos caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada, como xa se comentou anteriormente, o artícuo 18 do Regulamento de Planificación Hidrolólica considera que nestes casos pode aplicarse un réxime de caudais menos esixente sempre que se cumpran as condicións que establece o artícuo 38 do RPH sobre deterioración temporal do estado das masas de auga. Esta excepción non se aplicará nas zonas incluídas na rede Natura 2000 ou na Lista de humedais de importancia internacional de acordo co Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971. Nestas zonas considerarase prioritario o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, aínda que se aplicará a regra sobre supre-macía do uso para abastecemento de poboacións.

OBSERVACIÓN N° 24

Síntese da Observación

Esixir nas autorizacións de verquido que os aliviadoiros de crecida dispoñan dunha cámara de sólidos así como de dispositivos axeitados para impedir a saída de graxas e aceites.

Resposta Motivada

Analizarase a proposta realizada, non obstante, segundo o Artigo 71 de Autorizacións de verteduras da Normativa do Plan, estas autorizacións establecerán as condicións en que se deben realizar estes, co obxecto de conseguir os obxectivos ambientais establecidos.



É por iso, que a Confederación estudará de forma particularizada cada unha das autorizacións.

OBSERVACIÓN N° 25

Síntese da Observación

Por mor de que hai un grave problema de aporte de hidrocarburos, entre outras substancias, na escorrentía superficial urbana, e verquidos directos por canalización das augas pluviais ás masas de auga, estas augas deberán recibir algúun tipo de tratamento físico previo á dito verquido.

Resposta Motivada

Analizarase a proposta realizada, non obstante, segundo o Artigo 71 de Autorizacións de verteduras da Normativa do Plan, estas autorizacións establecerán as condicións en que deben realizarse estes, co obxecto de conseguir os obxectivos ambientais establecidos. É por iso, que a Confederación estudará de forma particularizada cada unha das autorizacións.

OBSERVACIÓN N° 26

Síntese da Observación

Propónese a implantación dun plan de retirada de obstáculos no medio fluvial, incluíndo presas que non cumpran a normativa en materia de protección ambiental ou de baixa produtividade (potencia instalada).

Resposta Motivada

No artigo 58 apartado 2 do texto normativo establecécese que: "Durante el período de vigencia del presente plan hidrológico, la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil elaborará un inventario de obstáculos en aquéllos cauces que alteren las condiciones hidromorfológicas y ecológicas naturales con el objetivo de la restauración ecológica del dominio público hidráulico." Ademais, neste mesmo Artigo, esixirase ás novas concesións que supoñan obstáculos transversais un estudo que indique a súa franqueabilidade, para iso, engádese ao texto normativo un anexo onde se indiquen os criterios para o cálculo destes índices.



Estudando a prioridade de actuación de cada un dos obstáculos inventariados poderanse tomar decisións sobre as actuacións a levar a cabo.

OBSERVACIÓN N° 27

Síntese da Observación

Suxírese a realización dun planeamento serio das medidas correctoras das presións que actúan sobre a Demarcación Hidrolóxica

Resposta Motivada

En canto a medidas correctoras das presións, no Programa de Medidas existen medidas cuxo fin principal é reducir as presións existentes sobre as masas de auga. Por iso, estase a realizar unha análise da efectividade das medidas para estudar como inflúe cada unha dela na mellora do estado da masa de auga e na redución das súas presións. En función das necesidades que se vaian observando e a dispoñibilidade presupostaria do organismo, estudarase a posible introdución de novas medidas correctoras de presións na Demarcación.

OBSERVACIÓN N° 28

Síntese da Observación

En primeiro lugar a redacción só se encontra integralmente en castelán, sen versión en galego. Por outro lado utilizanse termos pouco axeitados chegando a nomenclaturas erró-neas dos nomes dalgún pobo, río ou monte. Un exemplo é: " Arroyo de la Rivera Grande " referíndose ao Rego da Ribeira Grande, do Parque Natural do Invernadoiro.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica do Miño Sil elaborou unha síntese do Plan Hidrolóxico que se difundiu en Galego, realizou diversas xornadas territoriais de información pública bilingües en galego e castelán e é perfectamente consciente das dúas linguas oficiais coexistentes no territorio da Demarcación, polo que fomenta o uso de ambas as dúas de forma normal. Por outro lado, a CHMS comprométese a publicar o documento definitivo do Plan Hidrolóxico integralmente en Castelán e Galego.



Por outra parte, en canto á toponimia, a Confederación está a facer un gran esforzo en adecuala, sobre todo no caso da parte galega da Demarcación, á nomenclatura oficial actual segundo a Xunta de Galicia. En calquera caso seguese revisando e acéptanse todas as correccións que se presenten para que se adecúe o Plan á toponimia oficial.

Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritibidos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborarase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cujas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdao atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares
Presidente